

Sobre libros electrónicos e lectura dixital

- **Lectura Lab (FGSR):**

<http://www.lecturalab.org>

- **Territorio Ebook (FGSR):**

<http://www.territorioebook.com>

- **Libros & Bitios (J. A. Millán):**

<http://jamillan.com/librosybitios/>

- **Los futuros del libro (Joaquín Rodríguez):**

<http://www.madrimasd.org/blogs/futurosdelibro/>

- **Brétemas (Manuel Bragado):**

<http://bretemas.com/>

- **Leer.es (Leer en la era digital):**

<http://docentes.leer.es/leer-en-la-era-digital/?tipo=255>

- **Universo abierto**

<http://www.universoabierto.com/tag/libros-electronicos/>

- **Rede Libros (Rede social galega de libros e lectura) :**

<http://www.redelibros.com/social/>

- **Dosdoce.com:**

<http://www.dosdoce.com/>

Á hora de introducir os lectores electrónicos e os libros dixitais na biblioteca escolar cómpre estudar previamente:

- O uso que se vai facer deste equipamento
- Os destinatarios máis axeitados.
- As normas de uso (compromiso, autorización, tempo, limitacións...)
- Un protocolo para a adquisición de libros por parte da biblioteca.

Algunhas bibliotecas escolares galegas introduci-ron xa os lectores de libros electrónicos no seu equipamento. Pódense ver algúns exemplos:

<http://biblioquendas.blogspot.com.es/search/label/e-Book> (IES Lama das Quendas, Chantada)

http://issuu.com/bibliotecaiespoetaanon/docs/normas_pr_stamo_e-book/1 (IES Poeta Añón, Outes)

Os lectores electrónicos poden ampliar as actividades dos clubs de lectura ou de Hora de ler, apoiar a atención á diversidade ou ampliar o abano de actividades destinadas ás familias. En calquera caso, sempre en consonancia cos obxectivos e as directrices do Proxecto Lector de Centro.

Consellería de Cultura, Educación e O. Universitaria
Dirección Xeral de Centros e RRHH
Subdirección Xeral de Centros.

Asesoría de Bibliotecas Escolares
bibliotecasescolares@edu.xunta.es
<http://edu.xunta.es/biblioteca/blog>



XUNTA DE GALICIA

Proxecto-piloto para a incorporación de lectores electrónicos nas bibliotecas escolares

E-LBE E-Lectores nas Bibliotecas Escolares



As bibliotecas escolares son espazos privilexiados para unha necesaria integración da cultura impresa e da cultura dixital e teñen, entre as súas funcións, a de contribuir a paliar, no posible, as desigualdades no acceso aos recursos culturais da poboación escolar.

XUNTA DE GALICIA

Proxecto E-LBE. Lectores electrónicos (e-lectores) nas bibliotecas escolares

Asistimos na actualidade a importantes cambios na forma de presentar os textos

e de acceder á súa lectura, coa incorporación de novos soportes e novos artefactos (lectores electrónicos, tabletas, e outros), que cómpre ir introducindo na biblioteca escolar, co fin de que o alumnado poida coñecer de primeira man, e coa orientación do profesorado, os novos soportes.



Porén, a incorporación dos lectores electrónicos nas bibliotecas conleva certa complexidade, pois a industria editorial e a industria tecnolóxica está aínda probando soportes e formatos, e procurando solucións a problemas que se presentan. Unha das incógnitas por resolver é a mellor fórmula para realizar os préstamos de lectores e de libros electrónicos no contexto específico das bibliotecas dos centros de ensino. Entre tanto, é desexable que o noso alumnado teña acceso a estes soportes e que o profesorado poida probar as posibilidades que ofrecen, na mellora da competencia lectora e no desenvolvemento de hábitos de lectura, ámbolos dous obxectivos do Proxecto Lector de Centro

Diferenzas entre e-reader / e-book

Un e-reader ou lector de libros electrónicos é o **dispositivo** electrónico (o aparato) que serve para ler libros en formato dixital. É, pois, un soporte de lectura. A diferenza dun libro tradicional, pode conter moitos textos diferentes en lugar dun só. Así, un e-reader pode ser unha biblioteca dixital portátil.



Un e-book ou libro electrónico é unha **versión dixital** dun texto ou dunha obra literaria: novela, obra de teatro, ensaio, etc. Os e-books son os títulos que se poden ler nun e-reader. Son arquivos dixitais, un formato diferente ao formato impreso.

Os lectores de *tinta electrónica*, a diferenza das tabletas (que son como pantallas de ordenador de pequeno tamaño) non emiten luz propia polo que precisan de luz natural ou de luz reflectida. Por esta razón, a experiencia de lectura é pouco agresiva para os ollos e moi semellante á lectura en papel; así mesmo a carga da batería ten unha maior duración. Están pensados só para a lectura. Os expertos recoméndanos cando o que se busca é o acceso a libros electrónicos, sen máis, co fin de evitar a dispersión que poden supor outros soportes.

Sitios web para descarga de libros electrónicos gratuitos

- Bivir:

<http://tradutoresgalegos.com/bivir.html>

- Insituto Cervantes:

<http://www.cervantes.es/>

- Europeana:

<http://www.europeana.eu/portal/>

- Hispana: <http://hispana.mcu.es>

- Galiciana:

<http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>

- Biblioteca Digital Hispánica:

<http://bibliotecadigitalhispanica.bne.es/R/>

- Proxecto Gutenberg:

<http://www.gutenberg.org/>

- Google books: <http://books.google.com/>

- Galicia eBooks: <http://www.galiciaebooks.es/>

- Feedbook:

<http://es.feedbooks.com/publicdomain>

- Todo Ebook: <http://www.todoebook.com>

- Manybooks (en español):

<http://manybooks.net/language.php?code=es>